


## A Xunta leva a Bos Aires a figura de Camilo José Cela

**INAUGURACIÓN** O secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, destacou a estreita vinculación do premio Nobel galego coa Arxentina durante o acto de inauguración da exposición *Camilo José Cela no seu centenario*, que tivo lugar onte na Universidade de Ciencias Empresariais e Sociais (UCES) de Bos Aires. A figura e a obra do escritor chega á capital porteña no marco da pro-

gramación de Galicia na Feira Internacional do Libro de Bos Aires. A programación expositiva de Santiago, cidade convidada á feira, tamén inclúe a mostra *Galicia imaxinada, nas revistas da emigración*, inaugurada no Centro Galicia polo presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, o secretario xeral Anxo Lorenzo e a directiva do Centro de Galicia. H.P.



O secretario xeral Anxo Lorenzo, á dereita, cos representantes da UCES Foto: Gallego



### Sophie Kinsella buscando a Audrey

**FICCIÓN** La autora de la serie superventas *Loca por las compras*, Sophie Kinsella, lanza *Buscando a Audrey*, en Puck/Serendipia.

JUEVES  
28 DE ABRIL DE 2016

EL CORREO GALLEGO

TENDENCIAS | 43

## O ilustrador Francisco Pérez 'Quico', Premio Pura e Dora Vázquez



Reunión do xurado que lle concedeu o Pura e Dora Vázquez ao ilustrador 'Quico' Foto: Gallego

**ALBA LAGO**  
Santiago

O ilustrador coruñés Francisco Pérez Villanueva *Quico* (Noia, 1975) foi o gañador do XIII premio de literatura infantil e xuvenil Pura e Dora Vázquez na modalidade de Ilustración, dotado con 1.500 euros, que convoca a Deputación de Ourense.

O xurado reunido onte á mañá no Centro Cultural Marcos Valcárcel asegurou do traballo galardoado que as ilustracións "reflic-

ten unha orixinalidade e creatividade especiais". Asemade o xurado puxo de manifesto que "denotan unha grande imaxinación do autor e ademais teñen unha grande calidade artística, cunhas tonalidades moi agradables á vista e que combinan moi ben coa historia que ilustra".

Das obras presentadas ao certame na modalidade de Ilustración nesta edición, o xurado destacou o inmenso traballo que hai detrás de todas as obras presentadas,

**O xurado destacou o inmenso traballo que hai detrás de todas as obras presentadas**

**O galardón ten como obxectivo fomentar a lectura entre o público máis novo**

"o nivel é moi alto e custou moito traballo a decisión pero ao final o fixaron por unanimidade".

Os traballos presentados ao certame nesta modalidade de ilustración foron obras inéditas e orixinais baseadas no texto gañador do premio de narración desta edición da escritora compostelá Montserrat Pis Marcos, titulado *Dos estranos ollos de Damaluar e das aventuras que lle sucederon o día que desapareceron as súas zapatillas*.

O xurado da XIII edición do Premio Pura e Dora Vázquez de Ilustración estivo presidido polo deputado provincial de Cultura, Manuel Doval, e integrado como vogais por José Manuel Fernández López, Carlos Rodríguez Calvo, Mario González Sánchez e Xosé Manuel Cid Fernández, actuando como secretaria Ana María Malingre Rodríguez.

Francisco Pérez Villanueva, coñecido como *Quico* no mundo artístico, naceu en Noia (A Coruña), no ano 1975. Estudou na Escola de Artes e Oficios de Lugo, Gravado e técnica de estampación. Francisco Pérez gñou o primeiro premio *La tira por los derechos humanos* no ano 2010, e no ano 2003, o primeiro premio Agora Cultural polo cómic *Tan lejos, tan cerca*.

O premio Pura e Dora Vázquez ten como obxectivo fomentar a lectura no público máis novo e á vez recoñecer o traballo de autores literarios e artísticos, unindo na obra premiada estas dúas disciplinas creativas.

## Frunatur enséña a los escolares a conservar y consumir fruta y verdura

**Santiago.** Medio centenar de alumnos del colegio Carlos Casares, de Xinzó, acompañados por sus profesores, iniciaron ayer el intenso ciclo de visitas programadas por Frunatur para que los escolares ourensanos, acompañados por sus profesores, tengan la oportunidad de experimentar con la fruta, la verdura y las hortalizas. La propuesta da continuidade a una iniciativa que se estreñó el pasado ano, y permitiu a centenas de alumnos de los primeiros cursos, provenientes de toda la provincia, conocer el proceso desde que se recogen estos produtos hasta que llegan al consumidor. También reciben explicaciones sencillas de guías especializados sobre las ventajas saludables que reporta el consumo de estos alimentos, y aprenden cómo se almacenan y cómo

se conservan, además de participar en casos prácticos de pesaje, clasificación y envasado, y disfrutar de una zona de exposición en la que pueden tocar, oler y consumir la fruta en diferentes preparados, con formas y mezcla de colores que semejan un juego y estimulan el interés por probar. Además, varias sorpresas se producen durante el recorrido, que culmina con la entrega de artículos de uso infantil como recuerdo de la visita.

Una de las zonas que más les sorprenden, y que en general contemplan con cierto asombro y expectación, son las grandes cámaras frigoríficas que conservan la mercancía a la temperatura y humedad idónea, en las que tienen la opción de introducirse unos instantes para comprobar las sensaciones. **REDACCIÓN**



Frunatur programa visitas para escolares Foto: Gallego



Viajes InterRías Destino: Felicidad

VIAJES InterRías  
M-m GAT XG/95  
VIAJES FISTERRA, S.L.

29 AÑOS  
COMPARTIENDO CAMINO

www.interrias.com / Rúa Ourense, 24 - Bajo 12 (Edif. Mourigada) 36960 SANXENXO. Consulta tu agencia de viajes

